

TITULO DO RECURSO:

MODELO DE PROTOCOLO DE ACTUACIÓN AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA

1-OBXECTIVOS E CRITERIOS DE FUNCIONAMENTO REGULADOS POLA CIRCULAR 8/2009 PARA AS AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA

1. Os centros poderán establecer aulas de atención educativa e convivencia para a atención á diversidade.
2. As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.
3. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, corrixilas e avalialas.
4. Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou filias asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.
5. **Profesorado.** Para atender estas aulas, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

2- PROTOCOLO

A aula de atención educativa do IES de Valga rexirase polo seguinte protocolo.

1- Na aula de atención educativa derivarase o alumnado que:

A-Pola sua conducta disruptiva impida o desenvolvemento do traballo no grupo-clase.

B-Alumnado que amose falta de puntualidade no acceso o centro ou esté fora da aula sen causa debidamente xustificada nas instalacións do centro nas horas lectivas

C-Alumnado que por reincidencia da suas condutas contrarias a convivencia permaneza expulsado por certo tempo (3 faltas leves e 1 grave).

D- Outras que a dirección do centro considere.

2-Procedemento

A-O docente derivará a sala de profesores o alumno que cometeu a falta e cubrirá un parte de conducta (con tarefas para ó alumno) para informar o profesor de garda, dirección, titor, e pais.

TITULO DO RECURSO:

MODELO DE PROTOCOLO DE ACTUACIÓN AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA

B- É obligatorio que o alumno que se deriva do grupo-clase se dirixa a aula de atención educativa considerándose falta grave non presentarse.

C-No caso de falta de puntualidade será o profesor de garda ou a dirección quen o derive a aula de atención educativa.O persoal non docente terá instrucións da dirección para derivalo o profesor de garda ou a dirección.

D-O alumno irá co profesor de garda para a aula de atención educativa.

E-O profesor de garda cubrirá o libro de garda específica que estará a disposición na aula de atención educativa.

F- No suposto de que o alumno non proceda da aula ou por calquera circunstancia careza de material para realizar as tarefas, será o profesor de garda o encargado de asignarllas.Para eso contará con material de todas as disciplinas e niveis na propia aula.

G-O profesor de garda enviará a dirección o parte de conducta cos exercicios realizados nese periodo.

H-A dirección custodiará ese material que estará a disposición do profesor do grupo-clase para avalialo e corrixilo. No caso de ser avaliado negativamente o alumno terá un incremento das sesións de atención

I-O alumno derivado para a aula de atención educativa e en función da gravidade da falta terá que asistir nos recreos que se estimen a un programa de habilidades sociais na propia aula no que **haberá as seguintes gradacións:**

-Por falta leve terá que asistir **dous recreo**.

-Por falta grave **catro recreos**.

-Por reincidencia con falta leve **tres recreos** e con falta grave **cinco**.

3- OBSERVACIÓN

A dirección realizará un protocolo para aqueles casos nos que se detecten abusos na derivación á aula de atención educativa.

A consideración da gravidade da falta será acorde co estipulado no Regulamento de Réxime Interno do centro.